



CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

CLEMENTE IGLESIAS GONZALEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 17/12/2018
HASH: 09ab4b2c62a46b2c692c0b9f2f4b2890



Remítolle certificación do acordo adoptado polo Pleno deste concello en sesión ordinaria celebrada o día 7 de decembro de 2018 sobre moción do BNG-Asambleas Abertas sobre violencia machista.

Riotorto, a 17 de decembro de 2018.

O Alcalde,

Asdo.: Clemente Iglesias González.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Rúa Varsovia, nº 4C

15707 Santiago de Compostela



Cod. Validación: 6ZDQDLE5LY4WFWJY94SZXLCL | Corrección: <http://riotorto.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión de rsPublica | Páxina 1 a 1



CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

1.

D. MANUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE RIORTORTO, Lugo.

CERTIFICO: Que o Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 07/12/2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG-ASAMBLEAS ABERTAS SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA.

Pola Presidencia dase conta da moción do grupo BNG-Asambleas Abertas na que se sinala:

“MOCIÓN SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego AA do Concello de Riotorto, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, sobre a reivindicación do 25 de novembro pasado e a necesidade de meirandes recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Cada 25 de novembro debemos saír ás rúas para denunciar a vixencia da violencia e facer un recoñecemento do traballo de mobilización e visibilización das organizacións feministas do seu país, sen ese traballo moitas demandas non chegarían a unha parte importante das institucións e da sociedade para facernos avanzar.

Así mesmo, neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

MANUEL FERNANDEZ FERNANDEZ (1 para 2)

SECRETARIO

Data de Sinatura: 17/12/2018

HASH: 590d003f69b0b6cf7de91c6904ec416e



CLEMENTE IGLESIAS GONZALEZ (2 para 2)

ALCALDE

Data de Sinatura: 17/12/2018

HASH: 09ab4b2c2a46b2c692d0b9f2f4b2890



Cod. Validación: A61CM3367CZKY3654CWW34R3Z | Corrección: <http://riortorto.sedelectronica.gal/>
Documento, asinado electrónicamente, des-afé a plataforma xestiona eSPublico 1 Páxina 1 a 5



CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ningún se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumpridos dunha forma que non é tolerábel.

Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres é unha tarefa complexa que require de todo o noso compromiso, tanto como institución municipal como á hora de sermos esixentes coas demais administracións implicadas.

Cada ano máis 5000 mulleres acudan aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social. Neste aspecto os concellos temos un papel clave, non exclusivo pero importantísimo, á hora de comunicar coa veciñanza.

Recentemente o goberno central publicaba no [BOE](#) do 3 de agosto o Real Decreto-lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Neste incluía a recuperación dos concellos de competencias na materia, pasando a engadirse no seu haber a “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.”. Desde o BNG preocupámonos que esta tan anunciada e publicitada competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade do noso país.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG AA, solicita do Pleno da corporación municipal do Concello de Riotorto a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. Expresar o recoñecemento da Corporación do Concello de Riotorto ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.*
- 2. Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como*





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país

3. *Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:*
 - *Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.*
 - *Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.*
 - *Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.*
 - *Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.*
 - *Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.*
 - *Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.*
 - *Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.”*

Aberta a quenda de deliberacións pola Presidencia, polo concelleiro do grupo municipal do BNG-Asambleas Abertas Don Daniel Castañal García maniféstase: “Os concellos a raíz da aprobación do Real Decreto 9/2018, de medidas urxentes para o desenvolvemento do pacto do Estado contra a violencia de xénero recuperan competencias nesta materia, na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como a loita contra a violencia de xénero. Os concellos temos que ser sensibles ante esta problemática e loitar contra a mesma, na nosa moción propoñemos que se acorde:

1. *Expresar o recoñecemento da Corporación do Concello de Riotorto ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.*
2. *Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como*





CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país

3. *Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:*
 - *Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.*
 - *Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.*
 - *Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.*
 - *Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.*
 - *Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.*
 - *Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.*
 - *Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.”*

Polo Sr. Alcalde maniféstase: “Nos somos conscientes desta problemática, estamos comprometidos na adopción de medidas que contribúan á súa solución. Estudada a moción, propoñemos dúas emendas, a primeira referente ao punto segundo do acordo que propoñemos que quede redactado da seguinte maneira: Demandar a FEGAMP para que llo traslade a FEMP, xa que foi a FEMP(non a Xunta) quen aceptou eses criterios de reparto . A segunda emenda sería referente ao apartado terceiro do acordo, onde se di demandar da Xunta de Galicia que se diga demandar do Goberno do Estado porque é o goberno central quen ten competencias na creación nas unidades de violencia machista.”

Polo concelleiro do grupo municipal do BNG-Asambleas Abertas Don Daniel Castañal García maniféstase: “Nosoutros aceptamos a emenda á moción que fixo o Sr. Alcalde referente ao apartado segundo do acordo pero non a referente ao apartado terceiro, xa que pensamos que é a Xunta de Galicia quen ten competencias para a creación destas unidades de violencia machista.”

Polo Sr. Alcalde maniféstase: “ A competencia e creación dos Xulgados de violencia de xénero corresponde o Ministerio de Xustiza e quen ten que acordalo é a comisión mixta co tribunal superior de xustiza de Galicia e a competencia en materia de





CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

demarcación e planta xudicial é do Ministerio de Xustiza. A xunta non é competente para decidir a creación dos xulgados de violencia de xénero. O Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano que decide atribuír a especialización a un concreto xulgado de instrución/mixto ou ben crear un xulgado de xeito exclusivo de violencia sobre a muller”.

Non se producen máis intervencións.

Acórdase por unanimidade dos membros da corporación, oito dos nove que compoñen o Pleno, someter a votación de forma independente cada un dos tres apartados da moción.

A corporación municipal por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, oito dos nove que compoñen o Pleno, acorda aprobar os apartados un e dous da proposta do acordo da moción, tal como están redactados na mesma coa emenda introducida no apartado segundo polo Sr. Alcalde e que é a seguinte: Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, demandar a FEGAMP para que lle de traslado a FEMP para que se solicite do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país.

Así mesmo a corporación acorda co voto favorable dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG-Asambleas Abertas aprobar o apartado terceiro da proposta do acordo da moción como se presentou ao Pleno, os cinco concelleiros do grupo municipal do Partido Popular abstéñense nesta votación sobre o apartado terceiro.

E para que así conste, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no sentido de que o borrador da acta da sesión expresada non foi aínda sometido a aprobación, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente en Riotorto a dezasete de decembro de dous mil dezaoto.

Visto e Prace.

O Alcalde ,

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.





MINUTA REXISTRO DE SAÍDA

DATOS DE LA ANOTACIÓN

Oficina: Oficina Central de Rexistro

Nº de rexistro: 2018-S-RC-606

Data de rexistro: 17 de decembro de 2018, ás 10:40 horas

Tipo de documento: Comunicación en Papel

Resumen: CERTIFICADO DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 07/12/2018 SOBRE MOCIÓN DO BNG-ASAMBLEAS ABERTAS SOBRE VIOLENCIA MACHISTA

Relación de Terceiros

1. **Interesado:** Federación Gallega de Municipios y Provincias (N/A)

Relación de Documentos

1. **Nome del documento:** Certificado acordo punto 6.pdf

Pegada dixital (SHA512 Hex):

00131804d7166fa5b50369444022a5378978c53120d5d7dc184a06b8df9d762774a5b1988b5
8325be2686b77b382a0b1c401722175b684257f842d6221694fee

Pegada dixital (SHA512 Base64):

ABMYBNcWb6W1A2lEQCKIN4l4xTEgldfcGEoGuN+ddid0pbGYilgyW+Joa3ezgqCxxA
FyIXW2hCV/hC1iIWIP7g==

2. **Nome del documento:** Oficio remisión moción fegamp.pdf

Código de validación: 6ZDQLDTE5LY4WFWJY94SZXLCL

Pegada dixital (SHA512 Hex):

fa058ea1ed1564bc9800d6be0be514ec327d9b71b4c7ed6a18aa38d2db362a117dca20e45900c
734615f656a280c2c504d753f0d39162b336ddd3d97ca982415

Pegada dixital (SHA512 Base64):

+gWOoe0VZLyYANa+C+UU7DJ9m3G0x+lqGKo40ts2KhF9yiDkWQDHNGFfZWooDC
xQTXU/DTkWKzNt3T2XypgkFQ==

Expedientes relacionados

1. **Número del expediente:** 8/2018

